



## RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA Nº 27 DE 14 DE XUÑO DE 2017

Aprobadas mediante Resolución da Presidencia 17/2017, de 20 de abril, as bases para a contratación laboral temporal de **unha praza de guía turístico para o Padroado Monte Santa Trega**, de conformidade coas bases aprobadas en exercicio das súas competencias, **RESOLVE**:

### **PRIMEIRO:** Tribunal Cualificador:

- Presidente: don Hermelindo Martínez González, arquitecto técnico do concello de A Guarda (titular); dona Lourdes Ruiz Abad, directora do Conservatorio de Música (suplente).

- Secretaria: dona M.<sup>a</sup> Montserrat Mariño Álvarez, funcionaria do concello de A Guarda (titular); don José Carlos Martínez Crespo, funcionario do concello de A Guarda (suplente).

- Vocais:

1.- Dona Ángeles Martínez Alonso, profesora do IES A Sangriña (titular); dona M<sup>a</sup> Emilia Fernández Rodríguez, funcionaria do concello de A Guarda (suplente).

2.- Don Antonio Cernadas Vázquez, profesor do IES A Sangriña (titular); don M<sup>a</sup> Soledad Diaz Amil, persoal laboral do concello de A Guarda (suplente).

3.- Dona Soledad Rodríguez Crespo, traballadora social do concello de A Guarda (titular); don David Aragunde Arppe, interventor do concello de A Guarda (suplente).

4.- Don José María Álvarez Álvarez, funcionario do concello de A Guarda (titular); dona María Rosario Trasorras Teijeiro, profesora do IES A Sangriña (suplente).

Os/as membros dos tribunais deberán abstenerse de intervir, comunicándolle ó Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/92 de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 29 da Lei 30/92.

**SEGUNDO:** A constitución do tribunal cualificador terá lugar o 16 de xuño de 2017, ás 08:30 horas, na casa do Concello de A Guarda.



**A proba escrita eliminatoria fixada na base cuarta terá lugar o día 22 de xuño de 2017, ás 09:00 horas, no salón de Plenos do Concello da Guarda,** debendo vir provistos os aspirantes do seu DNI.

**A defensa dun proxecto de visita guiada por aqueles aspirantes que superen a proba escrita eliminatoria, terá lugar a continuación da proba escrita eliminatoria, é dicir, o día 22 de xuño de 2017.**

A proba de coñecemento de lingua galega será ao remate da defensa do proxecto, se é necesaria.

**SEGUNDO.-** Publicar a presente resolución na web e no taboleiro de Anuncios do Concello de A Guarda.

O Presidente do Padroado

Antonio Lomba Baz